



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF BÁSICO E SAF DE ATENCIÓN AS PERSOAS VALORADAS DEPENDENTES) DO CONCELLO DE A FONSGRADA

1. CONDICIÓN XERAIS.

O presente Prego constitúe o conxunto de instrucións, normas e especificacións que, xunto coas establecidas no correspondente prego de prescricións técnicas, rexerán na contratación e execución do Servizo de Axuda no Fogar, por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación.

En todo o non previsto en dito prego, estarase ó disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (en adiante, TRLCSP), no Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, e demais normativa aplicable.

2. OBXECTO DO CONTRATO. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER.

O obxecto do presente contrato é a prestación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de A Fonsagrada.

O contrato ten a natureza de contrato de servizos, de acordo cos artigos 10 do TRLCSP, ao que lle corresponde a codificación CPV-85310000-5.

A finalidade é a prestación do Servizo de Axuda no Fogar que este Concello presta aos usuarios, en virtude do título competencial atribuído aos concellos pola seguinte normativa autonómica: art. 60 da Lei de Servizos Sociais 13/2008, de 3 de Decembro; Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local (DOG Núm. 102 Venres, 30 de maio de 2014); e art. 28 do Decreto 99/2012, de 16 de Marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

3. PROCEDemento DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

De conformidade co previsto no artigo 157 do TRLCSP, o contrato adxudicarase por procedemento aberto, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

O contrato está suxeito a regulación harmonizada, ao abeiro do disposto na Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, teranse en conta os criterios de valoración de acordo co previsto no presente Prego.

4. DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do contrato será de catro (4) anos, contados dende a data da súa formalización, con posibilidade de prórroga por outros dous (2) anos máis.

Non obstante, si finalizara o prazo de duración do contrato sen que se realizara nova licitación, ou a mesma se retrasara, o contrato entenderase prorrogado mentres dure o procedemento licitatorio.

5. ORZAMENTO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

O orzamento base de licitación fixase nas seguintes cantidades máximas:



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

Custe/hora	Prezo/hora	IVE	TOTAL prezo/hora (IVE incluído)
SAF BÁSICO	12,00 €	1,20 € (10%)	13,20 €
SAF DEPENDENCIA	12,75 €	0,51 € (4%)	13,26 €

Neste orzamento, enténdense engadidos calquera dos outros tributos ou gastos que poidan gravar o obxecto da contratación. En ningún caso o prezo da hora pode superar ese, incluído desprazamento.

As ofertas económicas que presenten os licitadores non poderán superar en ningún caso o importe sinalado como orzamento base de licitación. Este prezo poderá ser mellorado á baixa polos licitadores. O montante previsto de horas a contratar queda establecido como segue:

Servizos de luns a venres (excepto festivos)	Estimación horas/ano
1º ANO SAF BÁSICO	2.400 horas

Servizos de luns a domingo (incluído festivos)	Estimación horas/ano
1º ANO SAF DEPENDENCIA	65.172 horas

SAF BÁSICO: 2.400 h/ano x 13,20 €/h= 31.680 €/ano

SAF DEPENDENCIA: 65.172 h/ano x 13,26 €/h= 864.180,72 €/ano

TOTAL (IVE incluído): 895.860,72 €/ano x 4 anos = 3.583.442,88 euros

SAF BÁSICO: 2.400 h/ano x 12 €/h= 28.800 €/ano

SAF DEPENDENCIA: 65.172 h/ano x 12,75 €/h= 830.943 €/ano

TOTAL (IVE excluído): 859.743 €/ano x 4 anos = 3.438.972 euros

O número de horas previstas para SAF básico e SAF dependencia pode variar, de xeito que diminúan as horas de SAF básico e aumenten as de SAF dependencia.

A vista do anterior, o importe do contrato sen IVE é de 3.438.972 euros, sendo o importe do IVE 144.470,88,00 euros. Polo que o importe do contrato con IVE ascende á cantidade de 3.583.442,88 euros.

Tendo en conta que se prevé unha prórroga por dous anos máis, así como as modificacións previstas na cláusula 28 polo 20% da previsión das horas de SAF dependencia, o valor estimado do contrato ascende a 6450197,18 euros.

O contratista deberá atender en todo momento na súa oferta o prezo por hora, con e sen IVE. O período de tempo nos desprazamentos aos domicilios para prestar o servizo considerarase incluído no prezo do contrato por hora realizada.



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfno: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

Os licitadores formularán as súas proposicións especificando o prezo, de acordo co ANEXO IV, indicando como partida independente o imposto sobre o valor engadido. Entenderase que as ofertas dos licitadores inclúen os tributos que sexan de aplicación de acordo coa lexislación vixente.

6. FINANCIAMENTO DO CONTRATO.

O contrato financiarase con cargo á partida orzamentaria 231.22799 do orzamento municipal do exercicio correspondente.

De acordo co disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 (TRLFL) e o artigo 79 do Decreto 500/1990 a autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordínase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

7. PAGAMENTOS.

O importe da adxudicación será satisfeito ao contratista, por meses vencidos, con cargo aos créditos previstos no Orzamento da Corporación, previa presentación da correspondente factura das horas de traballo efectivamente realizadas, coa conformidade dos técnicos de Benestar Social municipais responsables do servizo e fiscalización de Intervención.

A entidade prestadora presentará as facturas no Concello de A Fonsagrada, a mes vencido, nos primeiros 5 días hábiles do mes seguinte, unha relativa a SAF básico e outra relativa a SAF dependencia.

A cada factura a entidade prestadora achegará á/ao técnico responsable do Concello:

- Documento que acredite a presenza do persoal e os horario, asinado debidamente.
- A relación nominal de persoas beneficiarias atendidas, para que o Concello poida comprobar que coincida cos datos que figuran en cada expediente.
- Resumo mensual de incidencias, onde constará o nome da persoa usuaria, os día de atención, as horas concedidas, as horas efectivamente prestadas, o nome da auxiliar que ten asignado/a e as incidencias salientables, de ser o caso.

O pago do contrato realizase a través do pago polo Concello, en virtude do acordado segundo o prezo hora que se estableza, sen que o contratista poida percibir ningún tipo de ingreso, sexa en forma de prezo, taxa ou tarifa directamente do usuario, por razón da prestación deste servizo.

Conforme á disposición adicional trixésimo terceira do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá obrigaición de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigaicións de facturación, os seguintes extremos previstos no apartado segundo da citada disposición adicional trixésimo terceira, así como na normativa sobre facturación electrónica:

- a. Que o órgano de contratación é o Pleno da Corporación.



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

- b. Que o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é Secretaría-Intervención.
- c. Que o destinatario é O Concello de A Fonsagrada
- d. Que o código DIR3 é L01270180.
- e. Que a oficina contable é L01270180.
- f. Que o órgano xestor é L01270180.
- g. Que a unidade tramitadora é L01270180 .

8. GARANTÍA PROVISIONAL.

Non se esixe.

9. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten solvencia económica, financeira ou técnica nos termos dos artigos 54 e seguintes do TRLCSP e 9 e seguintes do RD 1098/2001 polo que se aproba o RXCAP, e non estean afectos por ningunha das circunstancias que enumera o art. 60 TRLCSP como prohibitivas para contratar. De conformidade co artigo 57.1 TRLCSP, as persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Especificamente para este servizo, os licitadores deberán acreditar estar en posesión da autorización de entidade prestadora de servizos sociais, conforme á normativa de aplicación.

A Administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente ó efecto (sen que sexa necesaria a formalización destas en escritura pública ata que se efectuara a adxudicación ó seu favor.- artigo 59 TRLCSP) as que responderán solidariamente ante a Administración e ante a que se nomeará un representante ou un apoderado único. Para que esta unión sexa eficaz fronte á Administración na fase previa á adxudicación, será necesario que os empresarios que acudan integrados nela indiquen os nomes e circunstancias dos que a constitúan, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal para o caso de resultar adxudicatarios.

As referidas empresas deberán ter como finalidade realizar actividades que garden relación directa co obxecto do contrato e dispoñan dunha organización dotada de elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución deste. Neste senso, e de conformidade co art. 24 do RD 1098/2001, cada unha das empresas que compoñen a Unión deberá de acredita-la súa capacidade e solvencia conforme o sinalado no parágrafo 1º desta cláusula, acumulándose as características de cada un dos integrantes a efectos de aprecia-la solvencia da unión temporal.

No suposto de resultar adxudicataria a unión de empresarios, estes deberán formaliza-la unión temporal en escritura pública e presentar o CIF dentro do prazo outorgado para a



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

formalización do contrato, e a duración da mesma será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

10. PERFIL DO CONTRATANTE

Co fin de asegurar a transparencia e acceso público á información relativa á contratación, ademais de anunciar a licitación nos diarios oficiais correspondentes, de acordo co artigo 142 do TRLCSP, publicarase o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de A Fonsagrada, na páxina web: <http://es.afonsagrada.org/>.

Os interesados poderán consultar a documentación relativa ao procedemento de contratación no perfil do contratante ou directamente na Secretaría do Concello.

11. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

Dado que se trata dun contrato suxeito a regulación harmonizada, o prazo de presentación de proposicións será de CINCOETA E DOUS (52) DÍAS NATURAIS a contar dende a data de envío do anuncio de licitación á Comisión Europea para a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE).

O anuncio de licitación tamén se publicará no Boletín Oficial do Estado (BOE), no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) e no perfil do contratante (<http://es.afonsagrada.org/>). A publicación nos diarios oficiais mencionados farase cunha antelación mínima non inferior a QUINCE (15) DÍAS NATURAIS á data de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Lugar e prazo de presentación. As proposicións presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de luns a venres (exceptuando días festivos ou non hábiles) en horario de oficina, durante os 52 días naturais seguintes ao da remisión do anuncio de licitación á Comisión Europea para a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE). Se o último día do prazo fose domingo ou festivo, o prazo rematará o inmediato día hábil seguinte.

Tamén poderán presentarse proposicións por correo, se ben neste caso o interesado deberá acreditar, con resgardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar o mesmo día ó Órgano de Contratación, por fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición. A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se reciba a documentación, esta non será admitida.

Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso en que se recibira no Rexistro xeral municipal fóra do prazo fixado no anuncio de licitación. No suposto de presentarse proposicións por correo establécese o mesmo prazo sinalado anteriormente.

Igual advertencia será de aplicación para os casos en que se use a posibilidade prevista polo art. 16.4 da Lei 39/2015, debendo de anunciarse de igual modo a súa presentación mediante esta vía, e coas mesmas salvedades expostas.

Tales prazos poderán ser prorrogados de concorrer as circunstancias previstas no art. 78.3 do RD 1098/2001.

Unha vez remitida a proposición ou entregada, non poderá ser retirada salvo causa debidamente xustificada.

Formalidades. As proposicións constarán de tres sobres pechados denominados A, B e C, coas inscricións e contendo a documentación que en cada un se sinala. Toda a documentación a presentar polos licitadores será orixinal ou copias debidamente



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

compulsadas. No interior de cada sobre, necesariamente, farase constar o seu contido en folla independente, a modo de índice, enunciándoo numéricamente.

A) SOBRE A, DENOMINADO DE "DOCUMENTACIÓN XERAL", expresará no seu exterior xunto co nome do licitador, enderezo a efectos de notificacións e núm. de teléfono e fax, a inscrición de: "DOCUMENTACION XERAL DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE "AXUDA NO FOGAR", e será asinado polo propio licitador. Conterá os seguintes documentos:

- Declaración responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. Presentarase conforme ao modelo fixado no ANEXO II dos presentes pregos.

No caso de que concorran varias empresas agrupadas temporalmente, deberá acreditarse que cada unha delas cumpre coas citadas condicións, cumprindo os requisitos do artigo 59.2 TRLCSP, polo que indicarán os nomes e circunstancias das empresas que o asinan, a participación de cada unha delas e o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, para o caso de resultar adxudicatarios do contrato.

O licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos; sendo o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

B) SOBRE B, denominado "REFERENCIAS TÉCNICAS". Conterá a documentación que permita valorar a proposición de acordo cos criterios que dependen dun xuízo de valor:

- Proposta técnica de desenvolvemento do servizo, de acordo co establecido no ANEXO III deste prego (ver cláusula 11.a).

C) SOBRE C, denominado "PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN AVALIABLE AUTOMÁTICAMENTE". Incluirá:

- Oferta económica, asinada polo licitador, na que se expresará o prezo de execución do contrato, debendo figurar como partida independente o IVE. A oferta económica formularase conforme ao modelo que figura como ANEXO IV deste prego.

- Ofertas de mellora, asinada polo licitador, formularase conforme ao modelo que figura como ANEXO IV deste prego.

12. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos seguintes criterios: máximo 100 puntos.

a) Criterios que dependen dun xuízo de valor: ata un máximo de 20 puntos

- Protocolo de substitución de persoal nos supostos de baixas, vacacións, permisos, licenzas, redución de xornadas, etc...

Ata 5 puntos

- Programa de formación do persoal de atención sociosanitaria no domicilio

Ata 5

puntos



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

dentro do prazo de cinco días xustificuen as ditas ofertas. A xustificación realizada polos licitadores remitirase para informe dos Servizos Técnicos co fin de que emitan o dito informe.

12.1.2 Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que estean nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é con valores anormais ou desproporcionados se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormais ou desproporcionados se é inferior a outra en máis dun 13,33%

- Número de ofertas: 3. Serán ofertas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 16,67

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse con valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

13. MESA DE CONTRATACIÓN.

A Mesa de Contratación estará constituída do seguinte modo:

- Presidente: D. Argelio Fernández Queipo, alcalde do Concello ou concelleiro en quen delegue.

- Vogais:

o Titulares: Dona María Gloria Pasarín Méndez, Concelleira de Servizos Sociais , e Don Jose Ángel Fernández Carrín, Concelleiro de Economía e Facenda .

Suplentes: D. Carlos López López, Concelleiro de Deportes, e Dna. María del Mar Testa Díaz, Concelleira de Cultura e Turismo.

o D. Tobías Martínez Cotarelo, concelleiro do grupo municipal PP.

o Dna. M^a Xosefa Ortiz de Galisteo Pérez, concelleira do grupo BNG.

o Secretaria-Interventora do Concello (Dna. María del Pilar Darriba Muñoz) ou quen legalmente a substitúa.

o Traballadora Social do Concello (Dna. Alicia Fernández López) ou quen legalmente a substitúa.

- Secretaria: D^a. Olga Landeira Burgué, funcionaria do Concello.

Suplente: Dna María Jesús López, funcionaria interina do Concello.

No caso de que algún dos membros da mesa non puidese asistir ás reunións desta, serán suplidos por quen legalmente os substitúan.

A Mesa poderá constituírse válidamente coa asistencia, polo menos, do seu Presidente, Secretario e da maioría absoluta dos seus membros, entre os que deberán encontrarse, necesariamente, os vocais en funcións de Secretaría-Intervención. No curso das súas funcións poderá pedir os informes e asesoramentos que estimen convenientes.



CONCELLO DE
A FONSAGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfno: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

14. COMISIÓN TÉCNICA DE AVALIACIÓN

Poderá designarse unha comisión técnica encargada da avaliación da documentación técnica contida nos sobres B.

15. APERTURA SOBRE A E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL.

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación, previa a súa constitución, procederá á cualificación previa da documentación xeral contida no sobre A presentada en sesión non pública.

Por outra parte, se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicárase mediante fax ou telemáticamente, de así estimarse, aos interesados, concedéndolles un prazo de ata tres días hábiles para subsanación, sen prexuízo do correspondente anuncio no Perfil de contratante do Concello e no Taboleiro de Anuncios.

Cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións, a Mesa procederá a declarar as admitidas e as rexeitadas, con expresión das causas do rexeitamento.

16. APERTURA DAS PROPOSICIÓNS (SOBRES B E C) E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

O acto de apertura das proposicións será público. O día de apertura de proposicións fixarase no perfil de contratante ou Taboleiro de Anuncios do Concello cunha antelación de, alomenos 3 días ao da súa celebración.

O acto transcorrerá segundo o disposto no art. 83 do RD 1098/2001.

Abertos os sobres B, a Mesa procederá a entregar a documentación contida nos mesmos á comisión técnica, no caso de que esta fose nomeada.

A Mesa de contratación, valoradas as ofertas, á vista da valoración realizada pola comisión técnica si existise, e tras solicitar os informes que estime oportunos, formulará proposta de adxudicación a favor da proposta que resulte máis vantaxosa, que elevará ao órgano de contratación. Dita proposta non crea dereito algún en favor do licitador proposto fronte á administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta da Mesa, deberá motivar a súa decisión (art. 160.2 do TRLCSP).

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola Mesa, en resolución motivada.

As proposicións afectas por calquera das causas precisadas no art. 84 do RD 1098/2001 e/ou na cláusula 17 dos presentes pregos, serán rexeitadas motivadamente.

A Mesa de Contratación formulará proposta de adxudicación ó órgano de contratación a favor do licitador que presentara a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa, como resultado de aplicar os criterios de valoración establecidos nestes pregos.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

17. REXEITAMENTO DAS PROPOSICIÓNS.



CONCELLO DE
A FONSA GRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

Quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato as proposicións presentadas por licitadores que non reúnan os requisitos de capacidade e solvencia esixidos, ou non acheguen ou emenden a documentación acreditativa da súa personalidade, capacidade e solvencia. Os sobres que conteñan a oferta técnica e económica destas empresas non serán abertos, tal e como establece o artigo 83.5 do RGLCAP.

Na valoración das ofertas técnicas e económicas dos licitadores procederase, mediante resolución motivada, á exclusión daquelas proposicións que incorran nalgunha das causas seguintes:

- Superar o presuposto máximo de licitación ou o prazo máximo sinalado para a execución do servizo previsto no prego.
- Presentar discordancia na oferta económica entre a cifra expresada en letra e en número, salvo que sexa evidente que se trata dun mero error de transcripción.
- Estar incurso en baixa temeraria.
- Presentar máis dunha proposición ou subscribir proposta en unión temporal con outros empresarios se se fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal.
- Presentar a oferta económica nun modelo substancialmente diferente do establecido no anexo IV para a oferta económica.
- Non presentar a oferta en tres sobres pechados nos termos establecidos na cláusula 11, ou incluír nos sobres "A", "B" e/ou "C" datos que deban figurar noutro sobre de acordo coa devandita cláusula, sempre e cando iso implique o coñecemento prematuro da oferta efectuada.
- Presentar a oferta fora de prazo, en lugares diferentes aos indicados no prego, non comunicar a presentación por correo por fax ou telegrama ou recibirse a devandita oferta no concello pasados dez días dende a terminación do prazo de presentación de ofertas.
- Non emendar no prazo establecido as deficiencias que a Mesa de contratación tivese detectado na documentación presentada polos licitadores no sobre "A".
- Realizar formulacións que supoñan un incumprimento manifesto das condicións do presente prego ou do de prescricións técnicas.
- Non valorar a totalidade do obxecto a executar ou conter cálculos ou medicións manifestamente erróneos que non sexan meramente aritméticos.
- Realizar formulacións tecnicamente inviables ou manifestamente defectuosos.
- Recoñecemento por parte do licitador, no acto de apertura das proposicións económicas ou con anterioridade ou posterioridade ao mesmo, de que a súa proposición adoece de error ou inconsistencia que a fagan inviable.

As ofertas excluídas non serán tomadas en consideración no procedemento de adxudicación.

18. REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

O órgano de contratación requirirá ó licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, presente:



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

A) A documentación xustificativa de que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Tal acreditación realizarase de acordo co seguinte (arts. 13 e seguintes do RD 1098/2001):

Obrigas tributarias:

1.- Orixinal ou copia compulsada da alta no imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas a dito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición, referida ó exercicio corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

Os suxeitos pasivos que estean exentos do imposto deberán presentar declaración responsable indicando a causa de exención. No suposto de atoparse nalgunha das exencións establecidas no artigo 82.1 apartados b), e) e f) do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberán presentar así mesmo resolución expresa da concesión da exención da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar, unha vez formalizada a súa constitución, a alta no imposto, sen prexuízo da tributación que corresponda ás empresas integrantes da mesma.

2.- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración tributaria, na que se conteña xenéricamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RD 1098/2001.

3.- Ademais, o licitador non deberá ter débedas de natureza tributaria en período executivo de pago co Concello de A Fonsagrada. A Administración Local, de oficio, comprobará mediante os datos obrantes na Tesourería o cumprimento de dita obriga.

Seguridade Social:

Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenéricamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RD 1098/2001.

B) A documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

C) A documentación xustificativa de ter aboado tódolos anuncios de licitación.

D) A documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do TRLCSP:

1) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario:

Empresario individual: Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade do licitador.

Persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro oficial.

Esíxese, así mesmo, fotocopia compulsada do Número de Identificación Fiscal (NIF), debidamente compulsada.



CONCELLO DE
A FONSAGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

Tamén se esixirá fotocopia compulsada do DNI de quen desempeñe a representación da mesma.

Empresas comunitarias: A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro Procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (art. 72.2 TRLCSP).

Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente do acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición Adicional 14 TRLCSP).

Empresas non comunitarias:

- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa (art. 72.2 TRLCSP).

- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente de España, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio (art. 55 TRLCSP).

Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ó licitante (art. 146.1.e) TRLCSP)

Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España: Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil (art. 55.2 TRLCSP).

2) **Poderes:** Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre diante da administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.



CONCELLO DE
A FONAGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

3) Bastanteo de poderes: Os poderes a que se refire o apartado anterior, deberán ser previamente bastanteados polo/a secretario/a da corporación ou por letrado con exercicio en ámbito do Colexio Profesional Provincial.

4) Acreditación da solvencia económica e técnica:

A solvencia económica acreditarase mediante xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais (importe mínimo: 1.000.000 euros).

A solvencia técnico - profesional: mediante unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

5) En todo caso, aportarase certificación acreditativa de estar rexistrados como entidades prestadoras de servizos sociais na Xunta de Galicia, de conformidade coa Lei 39/2006, do 14 de decembro e co Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

6) Unións temporais de empresas: No caso de unión temporal de empresas, cada unha delas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, con indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, a participación de cada unha delas, o compromiso formal de constituirse formalmente en UTE, para o caso de resultar adjudicatarias, de conformidade co art. 59 TRLCSP e coa cláusula 8 dos presentes pregos e designando a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, ha de desempeñar a representación da unión ante a Administración.

7) Declaración de empresas vinculadas: No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o artigo 145 TRLCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por tódalas empresas vinculadas que concorran á licitación.

8) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou da comunidade Autónoma de Galicia: Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia. En tal caso, quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados 1 a 4).

Confidencialidade: Os licitadores enumerarán, de forma expresa e clara, aqueles documentos que consideren que, polo seu contido, deben ser reservados por razóns dos intereses comerciais ou de salvagarda da competencia. De non conter ningunha especificación, entenderase que o licitador considera que ningún dos documentos presentados merece aquela reserva polo seu contido.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma



CONCELLO DE
A FONAGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas (art. 151.2 TRLCSP).

19. GARANTÍA DEFINITIVA.

O adxudicatario virá obrigado a constituír unha garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, IVE excluído, en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

Poderá constituírse en calquera das formas previstas no art. 96 TRLCSP, e segundo os artigos 55 e seguintes do RD 1098/2001. O incumprimento deste requisito, por causa imputable ó concesionario, poderá dar lugar á resolución do contrato.

20. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

A adxudicación será motivada, e notificarase ós candidatos e licitadores, e simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ó licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

21. OUTRAS OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

Para o caso de que o contrato fora adxudicado a unha Agrupación de Empresas deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do Contrato, e NIF asignado á Agrupación.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarse, previamente á formalización do contrato administrativo, copia da póliza e recibo do seguro de responsabilidade civil obrigatorio para o adxudicatario.

O adxudicatario estará obrigado a cumprir todas as obrigas que esixa a normativa vixente en materia laboral, e de prevención e riscos laborais.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera xénero ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio das súas funcións, o adxudicatario cumprirá o disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance en modo algún ó Concello.

O adxudicatario estará obrigado a pagar os anuncios que se publiquen nos diarios oficiais. Así mesmo, deberá pagar tódolos impostos, taxas e prezos públicos aplicables ó contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, cun límite máximo de seis mil (6.000,00) euros.

No suposto eventual de folga legal no sector ao que pertencen os traballadores adscritos óo servizo, a entidade adxudicataria deberá manter informado permanentemente ao responsable do departamento de Benestar social, das incidencias e desenvolvemento da folga, debendo presentar informe no que se indiquen os servizos mínimos prestados e o número de horas ou servizos no seu caso, que se deixaran de prestar. Dito informe deberá presentarse no prazo máximo dunha semana tras a finalización da folga.

22. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

Cumpridos os requisitos establecidos na cláusula anterior, a Administración e o contratista formalizarán o contrato en documento administrativo, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o anterior, dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a pedimento do contratista e ao seu custo.

A formalización do contrato en documento administrativo non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos, dado que o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 40 TRLCSP. O órgano competente requirirá ó adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo anterior sen interpoñerse o recurso que leve aparelhada a suspensión da formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizara o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise.

Se a causa da non formalización fosen imputables á administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

Ao ser o seu importe superior ós 100.000 euros, a formalización do contrato publicarase no BOP.

23. SUBROGACIÓN DE PERSOAL.

Actualmente o servizo de Axuda no Fogar prestase pola adxudicataria do servizo, que conta para a prestación do servizo cos traballadores que constan no ANEXO V do prego, respecto dos que o adxudicatario deberá asumir a obriga de subrogación nos termos establecidos no artigo 15 do convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio de Galicia (DOG nº 31, do 16 de febreiro de 2010).

24. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.

Corresponde ao órgano de contratación interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, así como acordar a súa modificación por razóns de interese público ou resolvelo determinando os efectos da resolución.

25. EXECUCIÓN DO CONTRATO. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN. RESPONSABLE DO CONTRATO.

25.1. O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas nos Pregos de cláusulas administrativas e no contrato, observando fielmente o establecido no Prego de condicións técnicas, adscribindo á execución do contrato os medios materiais e persoais ofertados polo contratista adxudicatario, e seguindo as directrices do departamento de Benestar social do Concello.

25.2. Condicións especiais de execución do contrato.

Establecense as seguintes:

1ª. Cumprimento do convenio colectivo aplicable: o adxudicatario, ademais de cumprir, respecto dos traballadores/as vinculados/as á execución do contrato, as disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en material laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo, deberá cumprir o convenio colectivo aplicable, respectando as condicións que, respecto da subrogación de traballadores/as se estableza en dito convenio e abonando, en todo cao, alomenos o salario recollido no mesmo segundo a categoría profesional que lle corresponde á/ao traballador/a.



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

2ª Cumprimento de pago dos salarios do persoal adscrito ao contrato: o adxudicatario deberá estar ao corrente do pago das nóminas do persoal que participe na execución do contrato. Considerarase que se incumpre esta condición cando se produza un retraso ou impago no abono das nóminas en máis de dous meses. A tal efecto, a administración poderá esixir,, xunto á factura mensual, o envío da certificación acreditativa de que o contratista se atopa ao corrente no pago de nóminas dos traballadores que executen o contrato, emitida polo representante legal da empresa.

25.3 A responsable do contrato será a traballadora social do Concello, baixo a supervisión da Concelleira de Servizos Sociais.

26. CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATAÇÃO DE TRABALLOS.

O contratista non poderá ceder os dereitos do contrato ou subcontratar traballos, sen ter tido previamente a autorización do órgano de contratación, nos termos dos artigos 226, 227 e 228 do TRLCSP. Permítese a subcontratación ata un máximo do 60%.

27. PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía terá duración de seis meses (6), a partir da data da resolución do contrato.

A garantía definitiva non se devolverá ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprindo satisfactoriamente o contrato, ou ata que se declara a resolución do mesmo sen culpa do contratista.

O Servizo correspondente emitirá un informe sobre a procedencia da devolución da mesma. No suposto de que o informe fose favorable, procederase á devolución da fianza. No suposto de que fora desfavorable, daranse as ordes oportunas ao contratista para que proceda á subsanación dos defectos, e no caso de que non o fixera, iniciárase a tramitación da Resolución do contrato por incumprimento do contratista.

28. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Procederán nos casos previstos na lexislación contractual, sempre que teñan relación co obxecto do contrato e sirvan ó cumprimento do seu fin. A modificación deste contrato suxeitarase ó disposto no artigo 219 de TRLCSP así como ó disposto no título V do Libro I.

O número de horas sinaladas na cláusula 5ª son unha estimación, polo que no caso de que sexa necesario un aumento do número de horas de prestación do servizo derivado da aplicación da Lei de Dependencia, o Concello poderá modificar (previa tramitación do expediente que acredite dispoñibilidade orzamentaria) – ao abeiro do artigo 106 do TRLCSP- o contrato, incrementando o número de horas de atención, cuxo custo máximo non poderá superar o 20% do prezo de licitación deste contrato excluído o IVE. Así mesmo, e dado que o número de horas do contrato son unha estimación, pode acontecer que o número de horas efectivas sexa inferior ó número de horas estimadas. Neste caso o contratista só terá dereito a percibir o custe das horas efectivamente realizadas, pero nos casos nos que esta redución supoña unha estimación anual de horas inferior ó 20 % poderá instar a resolución do contrato.

29. RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos establecidos no artigo 223 e 308 do TRLCSP, sendo acordadas polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do adxudicatario, e cos efectos previstos nos artigos 225 e 309 do mesmo Texto refundido.

30. RÉXIME XURÍDICO.



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polos órganos de contratación; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso administrativa, a tenor da lei de dita xurisdición.

Nos supostos previstos no artigo 40 do TRLCSP, procederá con carácter potestativo a interposición do recurso especial en materia de contratación, previo ó contencioso administrativo, no prazo de 15 días, nos termos previstos no artigo 44 do TRLCSP.

Para aqueles supostos non contemplados no citado artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición previo ó contencioso administrativo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación do acto obxecto do recurso.

ANEXO I

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

A) **OBXECTO DO CONTRATO:** prestación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de A Fonsagrada.

CPV 2008: 85310000-5.

B) **ORZAMENTO MAXIMO DE LICITACIÓN:** 3.583.442,88 euros (IVE incluído) 3.438.972 euros sen IVE, sendo o importe do IVE 144.470,88,00 euros

C) **APLICACIÓN ORZAMENTARIA:** 231.22799.

D) **REVISIÓN DE PRECIOS:** non procede

E) **ENDEREZO ELECTRONICO DO PERFIL DO CONTRATANTE:**
<http://es.afonsagrada.org/>

F) **CRITERIOS SUBXECTIVOS DE VALORACIÓN:** ata un máximo de 20 puntos

- Protocolo de substitución de persoal nos supostos de baixas, vacacións, permisos, licenzas, redución de xornadas, etc...

Ata 5 puntos

- Programa de formación do persoal de atención sociosanitaria no domicilio

Ata 5

puntos

- Protocolo de coordinación cos servizos sociais do Concello

Ata 5

puntos



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

- Protocolo para o inicio do servizo Ata 5 puntos

G) CRITERIOS OBXECTIVOS DE VALORACIÓN: ata un máximo de 80 puntos

1) Oferta económica, de acordo do ANEXO IV deste prego: ata un máximo de 60 puntos.

Para o cálculo das baixas temerarias terase en conta o disposto na cláusula 12.1 do prego.

2) Ofertas de mellora, de acordo co ANEXO IV deste prego: ata un máximo de 20 puntos.

-Servizos de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal (ata un máximo de 15 puntos), puntuándose con arranxo ao seguinte baremo:

- Grúas de transferencia para o manexo e traslado de persoas: 1,00 punto por unidade, ata un máximo de 5 puntos.
- Sillas xiratorias de bañeira: 1,00 punto por unidade, ata un máximo de 5 puntos.
- Colchóns antiescaras; 1,00 punto por unidade, ata un máximo de 5 puntos.

-Dispoñer do programa CIGESAD para a xestión do servizo; 5 puntos.

A valoración dos criterios cuantificables de forma automática efectuarase sempre con posterioridade á de aqueles cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

H) ADMISIÓN DE VARIANTES: Non se admiten

I) APERTURA PÚBLICA DE PROPOSICIONES: publicaranse a data e lugar de realización no perfil do contratante

J) TAXAS POR ANUNCIOS: taxa de publicación nos diarios oficiais, que serán por conta do adxudicatario, nun máximo de 6.000,00 euros.

K) GARANTÍA DEFINITIVA: 5% do prezo de adxudicación sen IVE

L) DURACIÓN: 4 anos con posibilidade de prórroga por outros 2 anos máis.

M) PRAZO DE GARANTÍA: seis meses.

N) MODIFICACIONES DO CONTRATO: segundo o establecido na lexislación vixente e o previsto na cláusula 28 do prego.

Ñ) SUBCONTRATACIÓN: permitida ata un máximo do 60% do importe de adxudicación.

O) FORMA DE PAGO: O pago do servizo así como da subministración efectuarase, unha vez executadas e recibidas de conformidade cada unha das partes do contrato e nos termos sinalados na cláusula 5 do prego.

P) SUBROGACIÓN DE PERSOAL: prevese.



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfno: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

ANEXO II MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D _____, co D.N.I. nº: _____;
actuando en nome propio ou en representación da
entidade _____; con enderezo a efectos de notificacións en

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na contratación do servizo de “AXUDA NO FOGAR” ante o Concello de A Fonsagrada.

SEGUNDO. Que cumpre con tódolos requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de servizos consistente en “AXUDA NO FOGAR”, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, a representación necesaria.
- Que posúe, ou a empresa á que representa posúe, os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso, ou a empresa á que representa non está incurso, en ningunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

CUARTO. Que acepta expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Concello de A Fonsagrada, se efectúen mediante o seu envío ó fax núm.: _____ e/ou ao enderezo de correo electrónico _____.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ___ de _____ de 20__.

Sinatura do declarante,

Asdo.: _____

ANEXO III

PROPOSTA TÉCNICA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE A FONSGRADA

A) Condicións formais

O documento da proposta deberá estar foliado e contar con un índice no seu inicio, presentarse nun formato de fácil manexo, con espiral ou outro sistema que resulte accesible.



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfno: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

A estrutura de contidos fará referencia, cando menos, a todos os aspectos enunciados no apartado B), garantirá a coherencia e claridade expositiva, e procurará facilitar o coñecemento da oferta que se presenta, evitando información irrelevante.

Poderán achegarse anexos con contidos estritamente vinculados ao proxecto formulado, sempre que estes resulten necesarios para a súa mellor comprensión.

A) Contidos

A proposta incluírá, cando menos, os seguintes apartados:

1. Presentación da entidade: referencias á súa actividade dentro do ámbito social, en particular no desenvolvemento de programas de axuda no fogar
2. Descrición detallada da proposta, en concreto debe facerse referencia ás seguintes cuestións:
 - Protocolo de substitución de persoal nos supostos de baixas, vacacións, permisos, licenzas, redución de xornadas, etc...
 - Programa de formación do persoal de atención sociosanitaria no domicilio

 - Protocolo de coordinación cos servizos sociais do Concello
 - Protocolo para o inicio do servizo

ANEXO IV

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA E MELLORAS

D....., con N.I.F (ou pasaporte ou documento que o substitúa) número, actuando en nome propio (ou en representación de DNI ou CIF número....., e con domicilio en, rúa, código postal....., teléfono.....) toma parte no procedemento aberto, convocado polo Concello de A Fonsagrada, para a adxudicación do contrato de Servizo de Axuda no Fogar do Concello de A Fonsagrada, comprometéndose a realizar os traballos obxecto do contrato, con suxeición os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen dita contratación, que declara coñecer e acepta, polo importe que se sinala a continuación:

OFERTA ECONÓMICA:

- Prezo hora SAF BÁSICO sen IVE€/hora
IVE aplicable%, Importe IVE€/hora
Prezo IVE engadido..... €/hora
- Prezo hora SAF DEPENDENCIA sen IVE.....€/hora
IVE aplicable%, Importe IVE€/hora
Prezo IVE engadido€/hora

MELLORAS:



CONCELLO DE
A FONSAGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tífono: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

- servizos de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Deberase indicar o número de axudas que pon a disposición do Concello durante a duración do contrato, fotografía das mesmas e descripción. A xestión das axudas (entrega no domicilio, recollida, mantemento) será por conta da entidade concesionaria:

Grupo axudas técnicas Características técnicas Unidades ofertadas/ano

Grúas de transferencia para o manexo e traslado de persoas

Sillas xiratorias de bañeira

Colchóns antiescaras

-Dispoñer do programa CIGESAD para a xestión do servizo

Ena de..... de 2017

O Licitador

ANEXO V

RELACIÓN DE PERSOAL A SUBROGAR Á DATA DE CREACIÓN DOS PREGOS

Traballador	Tipo de contrato	Antigüidade	Categoría laboral	% Xornada
T1	200	08.01.2005	AUXILIAR	100
T2	289	04.08.2016	AUXILIAR	44,8
T3	189	02.08.2013	AUXILIAR	100
T4	189	08.11.2016	AUXILIAR	100
T5	402	16.11.2016	AUXILIAR	100
T6	402	29.09.2017	AUXILIAR	100
T7	200	14.10.2008	AUXILIAR	87,8
T8	189	05.04.2016	AUXILIAR	100
T9	289	12.03.2016	AUXILIAR	58,9
T10	100	01.09.2009	AUXILIAR	100
T11	189	18.05.2017	AUXILIAR	100
T12	502	20.02.2017	AUXILIAR	47,4
T13	502	15.05.2017	AUXILIAR	55,1
T14	289	30.12.2015	AUXILIAR	90,3
T15	410	01.08.2017	AUXILIAR	100
T16	200	01.12.2004	AUXILIAR	100
T17	289	15.12.2007	AUXILIAR	73,7
T18	502	13.11.2017	AUXILIAR	16,0
T19	410	10.07.2017	AUXILIAR	100
T20	402	16.11.2017	AUXILIAR	100
T21	189	01.11.2015	AUXILIAR	100
T22	100	18.04.2011	AUXILIAR	100
T23	502	26.10.2017	AUXILIAR	48,7
T24	402	01.09.2017	AUXILIAR	100
T25	189	01.09.2016	AUXILIAR	100
T26	189	03.12.2007	AUXILIAR	100
T27	189	17.06.2015	AUXILIAR	100
T28	402	01.07.2017	AUXILIAR	100
T29	200	03.06.2008	AUXILIAR	79,5
T30	502	20.10.2017	AUXILIAR	76,9
T31	510	30.12.2017	AUXILIAR	73,7
T31	502	28.11.2017	AUXILIAR	57,0
T33	289	23.11.2015	TRABALLADORA SOCIAL	50
T34	189	26.10.2015	TRABALLADORA	100



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfno: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

			SOCIAL	
--	--	--	--------	--

Prego proposto pola Alcaldía.

O que asino na Fonsagrada, na data da sinatura electrónica a marxe.

O Alcalde

Argelio Fernández Queipo